

Impresión de texto en braille

Que é a escritura braille?

O braille é un sistema de escritura que utiliza seis puntos en relevo para representar letras, números, signos de puntuación e outros símbolos. Estes puntos pódense combinar para formar calquera carácter do alfabeto, o que permite ás persoas cegas ou con baixa visión ler e escribir calquera texto.

Porque é tan importante o braille?

A escritura en braille é unha ferramenta de inclusión moi poderosa, permitíndolles ás persoas con baixa ou nula visibilidade ter unha vida máis confortable e adaptado.

Como se adapta un texto a braille?

Para facer isto só é necesario unha impresora 3D, un ordenador e un pouco de tempo. Imos ver como se fai.

1. Escollemos o texto a imprimir, para este tutorial utilizaremos a palabra “Inclusión”.
2. Imos a seguinte web <https://www.lumindustries.com/lumi-cares> e instalamos o programa.
3. Abrimos o programa e escribimos o texto.



4. Descargamos o .stl.
5. Levámolo á impresora 3D e maxia!

Nota: Podemos utilizar alternativamente a web <https://touchsee.me/>